

# **Horrores y escalofríos**

*Una antología trilingüe de D.R. Coello*



# Índice

- **La mañana siguiente:** Publicada originalmente en mi blog, en 2013. (Pág. 4)
- **El Castelhana:** Escrita originalmente como un ejercicio para el nivel B2 de portugués. (Pág. 9)
- **O Nacemento:** Inédita escrita originalmente para esta recopilación. (Pág. 14)
- **Orxías esotéricas nun inferno de praceres:** Unha personal historia chea de sexo, erotismo e os meus máis escuros fetichismos, que son pecado en tódalas relixións abrahámicas, e en moitas das animistas. (Pág. 26)

## **La mañana siguiente.**

Me levanté al mediodía, hacía frío, mucho frío, al menos yo tenía frío. Un persistente zumbido resonaba en mis oídos, como un abejorro que se hubiera perdido buscando flores en un mar de asfalto. Al poner el pie en el baldosín del suelo sentí como si caminara sobre hielo, sentí como la planta se me dormía mientras el entumecido talón de Aquiles me molestaba al caminar hacia la sala. El cambio de habitación era agradable, pasar del frío de la baldosa al parqué de aquella más cálida estancia donde reposaban todavía los restos de la cena de la noche anterior, donde flotaba en el aire el aroma a tabaco mezclado con cerveza.

Apartando un montón de ropa sucia me hice un hueco en el sofá y me acomodé. Estiré las piernas ya que todavía me molestaba el talón, en un vano esfuerzo por desentumecerlo. Alargué mi brazo y cogí una de las latas que había sobre la pequeña mesa frente al sofá. Al dar el primer trago noté el sabor de la ceniza. Alguien, probablemente yo, había apagado dentro su cigarro. A pesar de todo

me lo tragué, mala idea porque aquel asqueroso brebaje estuvo a punto de provocarme el vómito. Dejé la lata de nuevo sobre la mesa y me giré un poco para alcanzar la caja de ibuprofeno que había al lado ¿Por qué no estaba en el baño? ¿Por qué la dejé ahí ayer? Probablemente preveía la resaca que me iba a amargar la mañana. Bajo la batamanta empecé a sentirme más cómodo, el talón de aquiles empezaba a molestarme menos y un calorcito agradable me rodeaba.

Abrí los ojos de golpe, el tic tac del reloj sonaba como un martillo clavando una piqueta de acero en un muro de piedra. Contraje los hombros para hacer crujir la espalda, me había quedado dormido otra vez. ¿Cuánto había estado dormitando en el sofá? Giré la cabeza en busca del reloj que se clavaba en mis tímpanos. Las dos, casi dos horas. El ibuprofeno me había quitado el dolor de cabeza, pero mi estómago parecía decidido a digerirse a sí mismo, la acidez y la náusea se pegaban por ser la sensación dominante en mi sistema gástrico. Sentí un dolor punzante, como una puñalada dentro del estómago que me hizo doblarme. Me levanté

perezosamente, era hora de comenzar a ordenar el piso, cuánto más lo demorase peor sería.

Metí en una bolsa de basura varias latas de cerveza y vacié los platos dentro también, debería reciclar pero a ciertas horas la cabeza no está para diferenciar lo orgánico de lo plástico. Los restos de ceniza fueron a parar al mismo sitio, junto a las colillas, una caja de pizza y dos grasientos envoltorios que antes contuvieron unas deliciosas raciones de pan de ajo. Llené el cubo de la fregona con agua y lejía y puse una pota al fuego con agua, recogí del suelo la ropa que había despejado del sofá y la introduje en la bolsa de basura junto al resto de los desperdicios. Puse la bolsa junto a la puerta para no olvidarme de sacarla. Me fui al cuarto trastero y cogí un viejo saco de dormir. Con esfuerzo introduje en él el cadáver desnudo que yacía en medio del salón. Una vez dentro del saco lo dejé apoyado junto a la bolsa de basura. El agua estaba a punto de hervir así que eché un buen chorro de lavavajillas sobre el charco de sangre que rodeaba al cuerpo, los quitagrasas son buenos para limpiar la sangre seca. Cuando el

agua rompió a hervir apagué el fuego y retiré la pota. Vertí el agua caliente sobre aquella masa de un rojo oscuro que comenzaba a oler mal, y la mezcla de lavavajillas con agua caliente surtió el efecto deseado, haciendo un buen montón de espuma y ablandando la sangre. Una vez licuada no fue difícil fregarla y desinfectar la zona con lejía, aunque tuve que usar el nanas metálico para limpiar bien un surco que se había hecho junto a la pata de la mesa. Un día me dijeron que el agua oxigenada también iba muy bien para limpiar la sangre, pero no lo he probado.

La resaca seguía martillando mi cabeza, así que puse una lasaña congelada en el horno y mientras se hacía lavé los vasos y platos que esperaban en el fregadero. Mientras veía en la televisión la enésima reposición del capítulo de los Simpson en el que Bart se convierte en heredero de Burns me comí aquella pasta blandurria rellena de una masa rojiza con trozos de carne de algo que podría ser tanto cerdo como caballo. Me di una ducha calentita que me ayudó a despejarme y a limpiar de las uñas restos de sangre reseca. Me vestí, hice la cama y volví al

sofá, donde me puse a leer un rato unos cómics de X-Men mientras escuchaba de fondo la narración de un Joventut – CAI Zaragoza, no porque tuviese interés en el baloncesto sino para evitar escuchar el ruido que hacen los vecinos por la escalera. Necesitaba hacer tiempo hasta el anochecer, hasta una hora en que la oscuridad me permitiese sacar la bolsa de basura y el cuerpo dentro del saco de dormir del piso.

Odio estos domingos de invierno en los que te levantas con resaca y un cadáver en el salón, te pasas el día con agujetas, malestar general y esperando la hora de poder deshacerte de todo. No vuelvo a beber, la última vez, lo juro, no lo vuelvo a hacer.

## El Castelhana

Foi na altura da noite do São João do 1937 que disse isto se passou. Ainda vivem numa pequena aldeia do município de Bragança, já muito idosas, as que sendo meninas conheceram a história de “El Castelhana”, mas ainda passados mais de 80 anos não gostam de falar apesar do longínquo da data em que aconteceu.

Ele chamava-se Manuel Alcantarilla e nascera numa fazenda em Villalar no 1915, filho duns camponeses que fizeram algum bom dinheiro na Argentina, mas enquanto morou em Portugal foi nomeado “El Castelhana” pela sua origem. Ele cruzara a fronteira em novembro de 1936 para fugir da Guerra Civil espanhola mas não havia pessoa nenhuma quem soubesse com certeza a sua história. Uns diziam que ele fora militante do anarquismo e que os fascistas queriam-o prender, mas outros pensavam que ele era um rico que ficou na ruína porque os comunistas tiraram-lhe a fazenda, mas tudo era falar por falar e inventar já que ninguém conhecia a verdade.

Por meses esteve “El Castelhana” a morar na vila de Bragança, sem trabalho conhecido mas a gastar muito dinheiro em festas e vinhos. Ele era mesmo bonito, muito cortês e espantoso dançarino e as mulheres da sua idade ficavam namoradas pelo seu charme. Os outros jovens da vila piraram da cabeça quando ele se namorara com a Joana, uma moça de 18 anos de formosa cabeleira castanha e grandes olhos pretos, muito meiga ela, de facções de muita beleza e, também, filha dum rico comerciante da vila e sobrinha também do autarca dum município vizinho. O pai da moça não ficava contente, mas ele já pensara em mandar a sua filha a estudar na Universidade de Coimbra após o verão e tinha a certeza de que ela teria de esquecer-se lá daquele namorado que só gastava dinheiro em tabernas.

Foi na manhã do 22 de junho que o pai disse à filha que tinha uma vaga na Universidade e que no mês de agosto ela teria de deslocar-se já para a casa de uns primos em Coimbra onde havia de morar enquanto estudava. A moça sentiu-se confusa, ela gostava de seu namorado mas também a ideia de conhecer uma nova cidade e

de poder atingir um trabalho como doutora em medicina eram coisas que ela via atrativas.

A Joana foi falar com “El Castelhana” para lhe contar as novas sobre os seus estudos mas este não gostou. Ele falou sapos e culebras do pai e das mulheres que queriam estudar e trabalhar e, após isso, fez uma proposta a Joana: roubar o dinheiro e as jóias da família e fugir juntos num barco até o Brasil ou a Cuba. A moça não entendeu e ficou machucada pelas palavras do seu namorado.

Nessa noite do 22 de junho alguns vizinhos da vila ouviram na noite um cavalo a correr muito rápido. Na manhã do 23 os gritos duma mulher atingiram os ouvidos da população, era a criada da família da Joana que nessa manhã achou ela e o pai mortos, com duas facadas nas costas. Os vizinhos foram na procura do namorado mas nem ele nem coisa alguma das suas pertencas puderam achar. A notícia correu bem as pressas e não tardou em ser conhecida pelo tio da Joana, que ordenou que a polícia toda começara a procura do suspeito criminoso. Os homens das

duas vilas foram na caça do nomeado assassino, uns por sentido da justiça e outros com ideia de receber algum pagamento do rico autarca, destrozado pela dor da morte de seu irmão e sua sobrinha. O poder daquele homem era muito, e até o engenheiro Álvaro da Lima Henriques foi avisado para procurar ao criminoso nos comboios e estações de todo Portugal. Mas “El Castelhana” era muito esperto em fugidas e por isso escolheu percorrer os montes nos lombos dum cavalo, imitando a forma que usara para fugir até Portugal. Ele cavalgou até que o animal ficou sem forças e, sabendo que estariam já na sua procura, decidiu seguir a caminhar. Ele sabia que tinha de esquivar as grandes vilas para fugir da a polícia, e a sua ideia era chegar até o sul e pegar um barco até Marrocos, morar no Tânger enquanto gastava o dinheiro roubado.

Quando começou a caminhar a névoa tingiu de gris o ar ao redor dele e os caminhos voltaram-se confusos. O fugitivo começou a sentir que as coisas estavam a se lhe trocar na contra. Por seis horas ele andou por caminhos entre os pinheiros até que viu um velho cruzeiro que conhecia

muito bem, e então compreendeu que estava a caminhar na direção contrária, e que desfizera o caminho ganhado. A névoa era cada vez mais fechada e o sol começava a se ocultar. As muitas horas de caminho e carga faziam que “El Castelhana” tivesse dores nos joelhos e ficava já fatigado. Quando a noite pintou o céu de cores pretas ele já não fazia ideia de que caminho seguir e decidiu procurar um abrigo onde dormir. Ele achou uma cova e decidiu guardar-se nela.

Dizem as que recordam ainda essa noite do São João que os lobos uivaram a noite toda. No dia seguinte um grupo de homens que procuravam ao fugitivo acharam o seu corpo fora da cova onde se escondera. Alguém tinha tirado a língua da sua boca e metera-lhe as jóias dentro dela. Os seus olhos mortos tinham ainda o reflexo do medo aterrador. Há quem pensa que foi algum amigo das vítimas quem lhe deu tal morte, mas também há quem diz que na noite do São João as almas dos defuntos andam pela terra, e algumas têm contas que saldar.

## O Nacemento

O ceo fora gris toda aquela tarde de vérspera do domingo de entroido, e cando chegou a noite aquel ton formigón tornouse negro. O son dos tronos non disuadía aos rapaces de facer barullo nas rúas, mentras os seus disfraces remataban anegados pola choiva, aínda que os máis vellos optaban pola opción conservadora de ficar na casa vendo Gran Hotel na televisión. Eu non estaba nin para antroidadas nin para filmes, esta noite de cans dun húmido febreiro tiña un traballo que facer, e xa levaba sete horas sentado no meu coche, rematara o tabaco da pipa e mataría por unha copa de Larios con cocacola, aínda que postos a pedir conformaríame con que parase un pouco de chover, que parecía que dende que a derradeira campanada do reloxo do Obradoiro dera fin a 1984 comezara a caer auga e non dera aínda tregua. De feito, cando este caso chegou ás miñas mans aínda lle quedaban unhas semanas de vida a aquel ano.

Fora a primeiros de decembro, a xente agolpábase nas portas do Simago para mercar doces e regalos de nadal, había unha cola enorme pois o día anterior fora festivo máis moita xente non se decatara xa que é unha festa nova, o “Día da Constitución”, supoño que celebran o fito de que Fraga convencesse a Carrillo de tragar ca monarquía e cas bases americanas alá polo 78. Ese día aquel homiño apareceu na miña oficina fora de si, dicía que unha muller que coñecía estaba preñada do demo, que ía parir ao anticristo. Eu nesas cousas de demos non creo, e estaba a piques de facer unha chamada para que aquel tipo fose pasar unhas cómodas vacacións nun cuarto con vistas en Conxo, máis cando sacou a billeteira conseguiu mudar a miña percepción. Como digo, non creo no demo e tampouco son moi dos Borbóns, pero un adianto con dez retratos deles non é fácil de rexeitar nesta economía, esas 100.000 pesetas é o que moitos cobran en dous meses e medio e daríame para que no lle faltase tabaco á miña pipa todo o ano, aínda que de saber o obsesivo que era aquel tipo tería pedido moito máis xa que cada mañá recibía un telefonazo del “Señor Néstor, sabe xa

algo?” “Señor Néstor, avanza a súa investigación?”, tíñame farto.

Os primeiros días estiven a seguir á muller cando saía camiñar, pegueime a ela como a súa sombra máis non acabei de apreciar nada peculiar nin sospeitoso, simplemente unha muller grávida, pode que de uns seis ou sete meses, saíndo a airearse. Sempre ía soa, parecía non ter un home a carón que a acompañase, acaso sería iso o que alertou a aquel toliño que me contratara? Pode ser que simplemente fose unha nai solteira e el montara no seu delirio un filme digno do Roman Polanski? Pasei un mês observándoa e só había dúas cousas que me resultaban peculiares: nunca vin que fose visitar a ningún médico, algo estraño tratándose dunha muller preñada, e acudía moito á biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia a sacar e devolver libros. Coa axuda dunha amiga, unha antiga compañeira da CNT que irónicamente rematou traballando para o estado de funcionaria, conseguín acceder ao seu historial de préstamos, máis non recoñecía aqueles títulos: “De Vermis Mysteriis”, “Culte des Goules”, “Liber Ivonis” e unha biografía dun tal

Ambrose Bierce. Aquilo parecían todo noveliñas de terror, non lle din en principio importancia. A muller tampouco parecía ter moita vida social, só a visitaban dúas vellas con pinta de viúvas sempre vestidas de negro, e non descarto que simplemente fosen familiares, tal vez unha fose a súa nai ou a súa tía, intentei recabar información subornando a un policía local, máis quedou cos cartos para dicirme só que a muller nacera nunha vila pequena do norte, na costa cantábrica. Fun tomando notas e aproveitei para tirar unhas fotos, aínda que fose para xustificar o gasto que fixera un meses antes nunha cámara Canon T50 noviña do trinque á que case nen puidera darlle uso.

O caso non parecía ir cara ningún sitio, todo parecía normal e xa non tiña sentido seguir alongando aquilo, por moito que 2000 pesetas diarias fosen un bo xornal non quería facerme a mala reputación de alongar os traballos innecesariamente, ao final que se diga polos bares do Franco que o Néstor B. é un timador era

o peor que lle podía pasar ao meu negocio. Un par de días despois do festivo de Reis elaborei un informe coas miñas pesquisas, a listaxe de libros de biblioteca, as fotografías; metín todo nunha carpeta e fun ata a Choupana para levarlle os resultados ao meu cliente... En mala hora fun sen chamar antes. Cando cheguei ao chalet a porta non estaba ben pechada, e vendo que non viña ninguén abrir a pesares da miña inistencia non timbre aventureime dentro da casa temendo algo sinistro. A decoración da vivenda era escurantista á vez que mística, nesa onda de visión fatalista do catolicismo que teñen os do Opus Dei e que se impregnou a todo o país durante a dictadura, con tons grises e negros, e múltiples imaxes da crucifixión en madeira escura e prata xunto a esceas sanguentas do Via Crucis. Xuro que teño visto igrexas con menos cruces que a vivenda daquel home. Cheguei ao despacho do segundo piso, un cuarto cheo de vellos volumes encuadernados en coiro e cubertos de pó, e atopeino abaneando no medio da estancia, bailando un valse ao final dunha corda colgada do enganche da lámpara do teito. Como parecía que levaba alí máis de un día non

me din presa en chamar ás autoridades, aproveitei para tirar fotos da escea e esconder os carretes no coche porque algo no me cadraba. Xa con todo documentado chamei aos picoletos dende o teléfono propio da casa.

O interrogatorio foi curto máis tedioso e aburrido, tampoco é que os da Garda Civil me tivesen moito cariño, nin polo meu pasado militando no anarquismo contra o réxime carcomido, nin polo meu presente coma detective privado. Non me fixo falta facer uso das miñas habilidades para enganalos, pois aqueles sarxentos da vella escola só sabían sacar confesións a base de hostias, e neste caso nin eles mesmos crían que eu soubese nada relevante. Cando marchei dalí fun revelar as fotos ao meu despacho, porque había unha cousa que non cadraba: Un fanático católico coa casa chea de cruces cometendo o pecado mortal do suicidio? Aquel home creía no demo e tamén nas normas da igrexa, polo que suicidarse era como saltar de cabeza dende un trampolín ás caldeiras

de Pedro Botero. Cando tiven reveladas as foto aínda o vin máis claro, faltaba algo básico naquela escena, un dos dous elementos indispensables para cometer un aforcamento, estaba a soga claro, pero non había cadeira, taburete ou mesmo unha caixiña, nada ao que subirse para quitarse a vida. Era evidente, o meu pagador fora asasinado e a escea amañada. Revisando aquelas fotografías vin outra cousa máis peculiar, un símbolo de cor amarela cunha forma extraña, como de tres interrogacións formando unha especie de espiral, moi raro pero tíño visto antes porque estaba nas miñas notas, aquela marca aparecía no libro sobre Ambrose Bierce que a miña investigada collera na biblioteca. Non creo no demo máis nas casualidades tampouco, o signo amarelo era o sinal de que a súa morte estaba relacionada co caso.

Dende o asasinato levo un mes intentando averiguar máis cousas sobre a muller grávida e a súa relación co meu pagador, máis só atopo caleixóns sen saída. Contratei a un rapaz para que fose á súa vila natal, e alí non atopou nada nin no concello nin no rexistro da parroquia, e a

veciñanza pecháballe a porta na cara cando pronunciaba o seu apelido, era coma unha pantasma, unha pantasma que espertaba o receo no corazón da xente. Mentras eu continuei a seguila, aínda que nas derradeiras semanas do embarazo apenas un par de veces a vin pisando a rúa, sabía que seguía na casa só porque nas noites as luces estaban acesas durante unhas horas. Nese mes a gran constante foron as visitas das dúas viuvias de aspecto inqueda, agora xa convertidas en rutina diaria; chegan co amencer e marchan co solpor e xeralmente van cargadas de bolsas, imaxino que lle fan a compra á muller, tampouco é realmente nada sospeitoso. Todo seguiu esa pauta rutinaria ata hoxe, na que un home veu recoller ás tres mulleres nun Talbot Solara de cor negro, ía acontecer algo e eu ía seguilas no meu R5, aínda que o traxecto foi curto xa que pararon na rúa da Rosa, pensei que irían cara o Policlínico e enganeime, no canto do que parecía evidente metéronse nunha casa grande de aspecto lóbrego.

Pasaron as horas e a treboada non daba tregua, ríos de auga baixaban pola rúa cara a estación do tren e por momentos os raios alumeaban a noite. A rapazada que celebraba o entroido xa non ateigaba as rúas, refuxiándose nos seus pisos de estudantes ou entre copas en Maycar ou Apolo. Un coche chegou á porta da casa arredor das catro, dous homes dos que pouco puideron distinguir polos seus traxes de augas, baixaron e entraron no edificio. Finxindo ser un borrachón achegueime para ver se podía distinguir algo, e no asento traseiro vin un volume dun libro titulado “Liber Hasturi” co mesmo signo amarelo da escea do crime. Volvín ao meu coche para coller o meu fiable revólver Astra e decidín aventurarme na casa, algo non cheiraba ben e temía que aquela muller puidese ser prisioneira daquelas persóas estrañas.

A cancela quedara aberta despois da entrada daqueles dous homes, e pola parte traseira do xardín atopei unha fiestra que non era visible dende a rúa que non me presentou moita dificultade á hora de abrila. Accedín a un baño que parecía levar tempo sen usarse, moito pó e

pouca humidade, e dalí pasei a un corredor forrado de madeira de nogueira nun estado que dificultaba os meus intentos de moverme con sixilo. Unha luz afogada e ténue saía agoniando dunha porta situada no fondo á dereita, que conducía cara unha escaleira precaria. Dubidei un segundo, non sería mellor dar a volta? Escoitei un berro de muller, desenfundei o revólver e comecei a descender, podería dicir que estaba seguro de ser o heroe máis a verdade é que non estaba nada convencido de seguir avanzando, pero aquela muller seguía a berrar e non podía abandoala. Cheguei ao final da baixada e asomei a cabeza, agardaba ver algunha escea de tortura terrible e sórdida, máis non estaba preparado para o que ía atopar.

Aquel soto non era un cuarto da casa, non había paredes de ladrillo e formigón ou chan de madeira, aquel soto estaba escavado na rocha, xa fose unha cova natural ou un traballo humano, e lóxicamente non tiña luz eléctrica máis estaba iluminado por candeas que proxectaban sombras

lúgubres e inquedantes. A luz desas candeas permitía ver o signo amarelo na paredes, gravado e corado con algo que parecía óleo, dun tamaño enorme que ocupaba todo o fondo fronte a min. A muller grávida estaba tumbada sobre unha sorte de altar de pedra cun pe decorado con formas espiráis en relevo, e non berraba por estar sendo torturada se non por algo máis lóxico: estaba a parir. As dúas viuvvas collíanlle as mans, mentras os tres homes vestían uns hábitos negros con capuchóns picudos similares a unhas indumentarias da Semana Santa, co signo amarelo bordado nas costas. Non podía verlles a faciana para distinguilos, un estaba fronte á muller mirando como o neno estaba a nacer, outro recitaba con voz monocorde versos dun libro feito cun coiro moi extraño e o terceiro non parecía intervir. Foi ese terceiro quen reparou en min e desenfundou unha pistola Glock, eu xa tiña a miña arma na man e podería ter disparado antes de que desenfundase, pero foi xusto nese intro no que o neno naceu e fiquei conxelado mirando a escea. Tres mulleres, tres homes e o cativo, tres, tres e en total sete; e o cativo choraba e miraba cara min, os meus ollos fixeron

contacto cos seus durante un segundo e vin algo neles, vin terror, vin pesadelos, vin esqueletes danzar, vin vermes comendo cadáveres, vin demos torturando almas con desfrute, vin mortos comendo vivos, vin lume queimando a terra; naquel intre comprendín que aquel neno nacera para traer horrores ás nosas mentes, e dubidei entre disparar ao home da arma ou a bebé que choraba naquela cova. Quen non dubidou foi o home da Glock, o eco da detonación resoo na rocha da cova mentras o bico do chumbo partía o meu esternón. Caín sangrando, sen aire nos pulmóns e soltando a miña arma, golpeei o chan loitando por respirar e notei que as dúas viúvas se achegaban a min. Antes de escoitar a segunda detonación unha delas dixo “Quen é este panoco disfrazado de personaxe de Leo Malet?”, e co segundo disparo deixei de oír, deixei de ver, e deixei o mundo atrás, o mundo que semellaba condeado.

## **Orxías      esotéricas      nun inferno de praceres**

Pero ti pensabas que che ía contar iso? Anda que menuda cabeciña, como se me fose a poñer a contar aquí as miñas intimidades, máis aínda nun libriño de gratis. E aínda encima non liches o anterior? Viches o título no índice e saltaches a esta historia directamente? Pois non será por erotismo e pornografía no Internet! Anda, volve ao principio a ler as historias... Ais, que xentiña, non se vos pode deixar sós.

## Sobre o autor:

**D.R. Coello:** Neto de Coello, da Magdalena. Millenial con espírito de rockeiro dos setenta, narrador que combina o pulp americano dos inicios do XX coa milenaria tradición galega de contar contos en bares e tabernas. Aspirante a guionista de banda deseñada. Nado para trovador, forzado ao SQL e o Javascript para gañar os cartiños.

